

## Catro marcas de oleiro en terra *sigillata hispanica* atopadas en Bueu (Pontevedra)\*

Mario César Vila

### Introducción

Bueu sitúase na punta occidental da península do Morrazo que separa as rías de Pontevedra e Aldán. O seu territorio compõe de dúas áreas, unha continental, e outra insular, con Ons e Onza, cun total de 31 km<sup>2</sup>.

Os solares nos que se realizou a actuación arqueolóxica localízanse dentro do concello de Bueu, termo municipal da provincia de Pontevedra que se sitúa no extremo noroeste da península do Morrazo e na marxe sur da ría de Pontevedra.

Este emprazamento sitúase moi próximo á liña de costa, no límite da praia do casco urbano de Bueu, dentro do coñecido popularmente como "Barrio da Pescadoira". Esta área ocupa o extremo oriental da enseada de Bueu, que conforma un pequeno arco costeiro orientado ao norte, dentro da ría de Pontevedra.

Como o propio nome indica, trátase dunha zona con excelentes condicións para a actividade pesqueira, asentada dentro dunha área marítima recollida, que conta ademais, cunhas augas ricas en elementos nutrientes. Debido a elo, a área urbanizada dende finais do século XIX, ata mediados do XX no entorno do peirao, tivo coma eixo principal o desenvolvemento da industria pesqueira coa construcción de fábricas de salgadura. Na actualidade, o desenvolvemento urbanístico deu lugar á desaparición dos vellos inmobles industriais e das vivendas unifamiliares tradicionais, e ao espallamento da construcción de bloques de vivendas de catro ou cinco alturas (PARGA CASTRO, 2001: 5).

\*Queremos expresar o noso agradecemento a M. C. López Pérez e ao prof. X. M. Caamaño Gesto polas seus sempre gratos consellos e indicacións.

O xacemento romano de Pescadoira (GA 36004012) foi catalogado pola Dirección Xeral de patrimonio no ano 1972. Co motivo das obras de reforma da fachada da antiga factoría de Conservas Alonso apareceron dúas basas de columnas e un fragmento de muíño de man, ademais de referencias á existencia dun muro de mampostería perpendicular á rúa. A estes achados hai que engadir a localización, nos anos oitenta, dun forno e obradoiro de ánforas no solar coñecido co nome de A Capela, situado no paseo marítimo de Bueu.

Todo elo permitiu o establecemento dunha área de cautela co fin de protexer e delimita-lo xacemento dentro dunha área de desenvolvemento urbano.

Os materiais aquí estudiados corresponden a unha actuación arqueolóxica de urxencia, debido a obras previstas nos solares correspondentes.

Seguimos nesta introducción á escavación o informe valorativo da mesma realizado polo seu director Ángel Carreira Díaz (CARREIRA DÍAZ, 2000), a quen agradecemos a súa licencia.

A presente intervención aparece vinculada ao proxecto de construción dun bloque de vivendas nos solares números 6, 8, 10 e 12 da Avenida de Montero Ríos, no Concello de Bueu. Os traballos desenvolvéronse dende o 31 de xullo ao 21 de agosto de 2.000. Esta actuación foi consecuencia directa do resultado dunhas sondaxes arqueolóxicas realizadas entre abril e maio do 2.000 neste mesmo solar.

De xeito xeral, o obxectivo da presente obra era a de completar a escavación e definir las estruturas arquitectónicas atopadas na anterior intervención, así como a de encadrar o tipo e cronoloxía do xacemento, e relacionalo e contextualizalo cos xacementos localizados no seu entorno máis inmediato.

En canto ao resultado, o desenvolvemento da escavación permitiu localizar estruturas e materiais de época romana (CARREIRA DÍAZ, 2000: 1).

Precedentes intervencións en Bueu teñen amosado indicios dunha actividade industrial e comercial importante. Mención especial merece a noticia da aparición dun forno e alfar de ánforas en Bueu (DÍAZ ÁLVAREZ; VÁZQUEZ VÁZQUEZ, 1988).

Posteriores actuacións, como a dirixida en marzo do 2.000 por Ricardo A. Viñas Cué, no solar número 7 da Avenida de Montero Ríos, ou a realizada nos meses de xuño, xullo e agosto do 2.000, no mesmo solar por Fructuoso Díaz García, revelaran unha importante ocupación romana e medieval en torno á praia de Bueu. Estes traballos e os efectuados no solar que nos ocupa, nos meses de abril e maio do 2.000, apuntaban a posibilidade de localizar restos de estruturas e materiais contemporáneos aos atopados no solar anteriormente citado (CARREIRA DÍAZ, 2000: 2).

Respecto á estratigrafía, destácase a grande homoxeneidade da superficie escavada. Esta revelaba un potente nivel de recheo, con grosor variable, no que a penas se documentou material de diversas épocas, moi rodado. Unha vez retirado este recheo, só quedaba un nivel arqueolóxico de grosor cambiante no que se documentaron estruturas e materiais de época romana (CARREIRA DÍAZ, 2000: 6).

Nestes intres, aínda non se realizou ningún estudio sistemático dos outros materiais atopados -cerámica común, líticos, numismáticos, metálicos, vítreos, de construcción, etc- aparte da mención aportada no informe valorativo. Polo tanto non podemos, neste estado, facer

un estudio comparativo do material por nós estudiado con estes outros. Si podemos sen embargo, mencionar que do total das catorce moedas atopadas, todas elas de bronce e maioritariamente moi deterioradas, si se puido recoller unha delas nun estado case perfecto de conservación. No anverso podíase ler con claridade a lenda *IMP CONSTANTINVS*. Apuntouse a posibilidade de que se tratase dun  $\frac{1}{2}$  follis, centenional, acuñado na época de Constantino I. Noutra das moedas, de menor tamaño, púidose distinguir claramente un Crismón.

Os materiais analizados neste artigo, forman parte do estudio da *terra sigillata* da dita escavación, realizado por nós para a memoria técnica. Localizáronse cinco grupos das diversas “familias” de sixilatas nesta escavación: terra sigillata hispánica altoimperial (TSH); terra sigillata hispánica baixoimperial (TSHT); sigillata africana Clara C, coas súas distintas acepcións: *Terra sigillata chiara C, African Red Slip Ware (TSA-C)*; sigillata africana Clara D: *Terra sigillata chiara D, African Red Slip Ware (TSA-D)*; e cerámica focense: *Phocean Red Slip Ware, Late Roman C (TSFT)*.

En TSH atopamos a Forma 37 nas decoradas, e a Forma 8, Forma 15/17 e Forma 27 nas lisas. En TSHT recolleuse a Forma 37 decorada. En terra sigillata africana clara C localizouse a Forma Lamboglia 40 bis = Salomonson CI = Hayes 50A, nn. 1-45 e a Forma Hayes 45B, nn. 9,11. En terra sigillata africana clara D recolleuse a Forma Lamboglia 51, 51 A = Hayes 59, nn. 9, 16-17; 65, n, a Forma Hayes 60, nn. 1-2 e a Forma Hayes 61, nn. 1, 4, 7, 18. En sixilata focense tardía documentouse a Forma Hayes 3.

Indicamos aqueles aspectos xerais<sup>1</sup>: forma, descripción da peza, decoración, cores<sup>2</sup> da pasta e do verniz, dimensións (diámetros en caso de conservar o bordo ou a base, altura, anchura e espesor), número de inventario, sigla, cadro e nivel de ubicación.

Para a lista de oleiros utilizamos a obra máis recentemente actualizada dos irmáns Sáenz Preciado (SÁENZ PRECIADO; SÁENZ PRECIADO, 1999: 61-136), así coma o manual de Miguel Beltrán (BELTRÁN LLORIS, 1990), e outros traballos monográficos, entre os que destacamos para o noroeste o de marcas de Lugo de Covadonga Carreño (CARREÑO GASCÓN, 1997).

## .. MP

Fragmento de corpo e base de forma 15/17. Ten un cartucho incompleto de 12 mm de longo por 5,5 de ancho. O extremo conservado ten forma semicircular. Posúe un círculo con decoración a roleta, de 48 mm de diámetro, exterior a outra liña incisa, esta de 38 mm de diámetro, sobre os que sobresae o cartucho. O pé da vasilla ten un diámetro interno de 80 mm e un externo de 88 mm, cunha altura de 7 mm.

O epígrafe está mutilado, conservándose unicamente as dúas últimas letras, MP. O M, debido á fractura do selo, non conserva os trazos do ángulo superior esquierdo.


<sup>1</sup> As ilustracións das pezas corresponden coa metade do tamaño real (1:2), namentres que as marcas de fábrica son representadas ó dobre (2:1).

<sup>2</sup> Para a descripción de cores, utilizouse o “Notice sur le Code des couleurs des sols” de A. Cailleux (Paris, Editiones N. Boubée et Cie.).

Coidamos na posibilidade de que se trate do oleiro tritiense *SEMPRONIVS*, xa que non atopamos ningunha outra marca de oleiro hispano que asine cun MP final. Ademais debemos ter en conta que o tipo de cartela (rectangular de ángulos curvos) foi utilizada na maior parte das pezas producidas no obradoiro deste oleiro, concretamente no de Los Pozos. A elo sumamos o feito de que se trate dunha 15/17, peza tamén fabricada asiduamente nesta fábrica.

Deste oleiro atopamos marcas en Alcacer do Sal, Almodóvar, Arapiles (Salamanca), Arcaya (Álava), *Arcobriga*, Astorga, Banasa, Barcabao (Espejo, Álava), Beja, Belo, *Bilbilis*, Campillo (Málaga), Castroverde de Campos, *Caesaraugusta*, Ciudad Real, Colonia, *Complutum*, *Conimbriga*, Córdoba, El Quinto (Seseña, Toledo), *Ercavica*, Fiaes, Ibiza, *Ilerda*, *Italica*, León, Libia, London, Los Castillones (Málaga), Lugo, Mallén, Medellín, Mérida, Numancia, Osca, *Pollentia*, Padraozinho, Portal de La Magdalena (Lleida), Ribeiro, Rosinos de Vidriales (Zamora), Sala, *Segobriga*, Sevilla, Suel (Fuengirola), *Tarraco*, Torre de Palma, Tossal Redo (Alcanó, Lleida), Tricio, Uclés, Viamonte, *Valentia*, *Valeria*, *Vareia*, Villaseca de Arciel (Soria), Vipasca (Aljustrel) e *Volubilis*.

Sobre este oleiro pódese destacar a idea da existencia de varias xeracións adicadas á fabricación de cerámica, como é o caso tamén da familia de *LAPILLIVS* ou *VALERIVS*, baseándose o antecedente esencialmente no amplio mercado que abarcen os seus productos, e no feito de aparecer as súas sinaturas en varios centros de Tricio (SOLOVERA SAN JUAN, 1987: 89).




1.- Dous fragmentos que forman parte do corpo e da base. Pé alto de sección triangular. Posúe moldura hispánica. Presenta un círculo a roleta exterior a outra liña incisa interior sobre os que sobresae o cartucho da marca que contén na parte interna. Contén marca fragmentada na que se le ..MP.

Pasta terra siena natural tostada (P 37) e verniz vermello inglés (P 19).

Diám.: 9,0 cm. Dim.: 2,2x11,1x1,0 cm.

Nº Inv.: 46. Sigla: MR6-12/00 TS19. Cadro 12E – Nivel 1. Foto 1.



## O ...

Fragmento de base de forma indeterminada. Ten un cartucho incompleto de 7 mm de longo por 5 de ancho. O extremo conservado é rectangular e bifido. O selo está inscrito nun círculo acanalado ancho de 36 mm de diámetro. Non conserva o pé da base.

A letra do epígrafe lese perfectamente. Trátase dun O, non sabemos se inicial ou final. Posiblemente se trate do primeiro correspondendo ó O inicial de *officina*. A lista de oleiros hispánicos que asinan cun O final tamén debe ser tida en conta. Polo tanto, non podemos saber cal é o obradoiro de procedencia desta peza.



- 2.- Fragmento de base con moldura hispánica. Na parte interna presenta unha acanaladura de círculo bastante grosa. Contén marca de oleiro, anque fragmentada, da que só se conserva un O.

Pasta rosa (L 47) e verniz vermello inglés (R 19). Verniz de aplicación heteroxénea, sendo máis espeso na parte interna que na externa

Dim.: 0,6x2,8x0,6 cm.


Nº Inv: 45. Sigla: MR6-12/00 TS79. Cadro 12E – Nivel 1. Foto 2.



## ON ...

Fragmento de base de cunca en TSH lisa. Amosa un cartucho incompleto de 6 mm de longo por 3 de ancho. O extremo conservado é rectangular. A cartela está inscrita nun dobre círculo acanalado de 34 mm de diámetro. O pé ten un diámetro interno de 41 mm e un externo de 50 mm, cunha altura de 11 mm.

As letra do epígrafe consérvanse correctamente. Trátase dun O e un N, suponemos que en posición inicial. Probablemente a primeira letra corresponda ó característico O inicial de *officina*. Logo podería continuar o nome do oleiro que comezaría por N. Son varios os oleiros hispánicos que asinan cun N inicial, polo que non podemos atribuír esta peza a algúns deles en concreto (ROCA ROUMENS; FERNÁNDEZ GARCÍA, 1999: 113-115, 294).



3.- Fragmento de corpo e base dunha cunca en TSH lisa. Pé anular de sección triangular. Posúe a característica moldura hispánica. Contén marca de oleiro, anque fragmentada, na que se le ON.

Pasta terra siena tostada (M 37) e verniz vermello inglés (R 20).

Diám.: 5,0 cm. Dim.: 1,5x4,6x0,9 cm.


Nº Inv: 174. Sigla: MR6-12/00 TS62. Cadro 1A – Nivel 1. Foto 3.



...V

Fragmento de base de forma indeterminada. Ten un cartucho incompleto de 8 mm de longo por 4,5 de ancho. O extremo conservado é rectangular. O selo está inscrito nun círculo de 40 mm de diámetro. O pé da vasilla ten un diámetro interno de 62 mm e un externo de 70 mm, cunha altura de 4 mm.

A letra do epígrafe é de doada lectura. Trátase dun V final cos dous trazos desiguais. Por tratarse dunha soa letra, non nos atrevemos a identificala coa de ningún oleiro en concreto dos tantos que puideran ter asinado cun V final.




4.- Fragmento de corpo e base con pé anular de sección triangular. Posúe a característica moldura hispánica. Contén marca de oleiro, anque fragmentada, da que só se conserva un V final.

Pasta terra siena natural clara (N 37) e verniz vermello inglés (R 20).

Diám.: 7,0 cm. Dim.: 1,3x6,6x0,9 cm.

Nº Inv: 30. Sigla: MR6-12/00 TS75. Cadro 9G – Nivel 1. Foto 4.






Foto 1



Foto 2



Foto 3




Foto 4

## BIBLIOGRAFÍA

ALARCÃO, J; ETIENNE, R. (Dir.)

- 1975 *Fouilles de Conimbriga, IV: Les sigillées*, Mission Archéologique française au Portugal. Musée Monographique de Conimbriga, Paris.

ALCORTA IRASTORZA, E. J.

- 1991 «Cerámica de cocciña e mesa na Galicia romana a través dos achádegos de *Lucus Augusti*», *Larouco*, 1, A Coruña, pp. 35-52.
- 2001 *Lucus Avgusti, II. Cerámica común romana de cocina y mesa hallada en las excavaciones de la ciudad*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña.

BAIRRAO OLEIRO, J.M.

- 1951 “Elementos para o estudo da terra sigillata em Portugal. I - Marcas de oleiro encontradas no País”, *Guimaraes*, LXI, 1951, pp 81-111.

BALIL ILLANA, A.

- 1969 *Estudios de cerámica Romana I*, Studia Archeologica, 4, Santiago de Compostela.

BELTRÁN LLORIS, M.

- 1990 *Guía de la cerámica Romana*, Zaragoza.

CAAMAÑO GESTO, J. M.

- 1979 «Marcas de alfarero en cerámica romana, encontradas en Galicia», *Gallaecia*, 5, pp. 63-99.
- 1983 «Cerámicas finas de importación en la época romana en Galicia», *Estudios de Cultura Castrexa e de Historia Antiga de Galicia*, Santiago de Compostela, pp. 225-246.

CAAMAÑO GESTO, J. M.; LÓPEZ RODRÍGUEZ, J.R.

- 1984 «Sigillatas del castro de Viladonga (Lugo)», *Gallaecia*, 7/8, pp. 158-177.

CAILLEUX, A.

- 1963 *Notice sur le code des couleurs des sols*. Boubée. París.

CARREIRA DÍAZ, A.

- 2000 *Actuación arqueológica vinculada al proyecto de construcción de un bloque de viviendas en los solares Nº: 6, 8, 10 y 12, de la Avenida Montero Ríos en el Concello de Bueu (Pontevedra), Excavación en área, Informe valorativo*, Santiago de Compostela. Inédito.

CARREÑO GASCÓN, M<sup>a</sup>. C.

- 1997a «Cerámica fina de mesa: A *Terra Sigillata* en Galicia», *Galicia Terra Única: Galicia Castrexia e Romana*, Lugo, pp. 255-260.
- 1997b *Marcas de alfarero sobre terra sigillata halladas en Lucus Augusti*, Anejos de Larouco, 3, Edicións do Castro, A Coruña.

CÉSAR VILA, M.

- 2000 *Terra sigillata da provincia de Pontevedra: análise bibliográfica e historiográfica e revisión dos materiais publicados*, Traballo de investigación, Santiago de Compostela. Inédito.

DÍAZ ÁLVAREZ, P; VÁZQUEZ VÁZQUEZ, M.

- 1988 *Noticia preliminar del primer horno y alfar de ánforas gallegas*, San Martiño de Bueu (Pontevedra), Primavera de MCMLXXXVIII, Vigo.

FERNÁNDEZ GARCÍA, M<sup>a</sup>. I. (Ed.)

- 1998 *Terra sigillata hispánica: estado actual de la investigación*, Universidad de Jaén, Servicio de Publicaciones, Jaén.

FILGUEIRA VALVERDE, J.; GARCÍA ALÉN, A.

- 1956 “Materiales para la Carta Arqueológica de la provincia de Pontevedra”, *El Museo de Pontevedra*, Pontevedra, pp. 19-198.
- 1959 “Adiciones a la Carta Arqueológica de la provincia de Pontevedra”, *El Museo de Pontevedra*, XIII, Pontevedra, pp. 19-97.

GARABITO GÓMEZ, T.

- 1978 *Los alfares romanos riojanos: producción y comercialización*, Bibliotheca Praehistorica Hispana, XVI, C.S.I.C., Madrid.

GARABITO GÓMEZ, T.; SOLOVERA SAN JUAN, M. E.

- 1992 “Las firmas de los fabricantes de moldes en *Tritium Magallum*”, *Estrato*, 4, Revista riojana de arqueología, Gobierno de La Rioja (Consejería de Cultura, Deportes y Juventud), Servicio de Patrimonio Histórico Artístico, Logroño, pp. 9-16.

GARABITO GÓMEZ, T.; SOLOVERA SAN JUAN, E.; PRADALES CIPRÉS, D.

- 1985 “Los alfares romanos riojanos y la comercialización de sus productos en la región de Galicia”, *El Museo de Pontevedra*, XXXIX, Pontevedra, pp. 165-195.

HIDALGO CUÑARRO, J. M.; VIÑAS CUÉ, R.

- 1992-93 “Nuevas cerámicas romanas de importación del Castro de Vigo”, *Castrelos* 5-6. Vigo, pp. 41-70.
- 1994-95 “Cerámicas indígenas y romanas finas del Castro de Vigo (Campaña de 1988)”, *Castrelos* 7-8, Vigo, pp. 97-116.

JUAN TOVAR, L.C.

- 1984 "Los alfares de cerámica sigillata en la Península Ibérica", *Revista de Arqueología*, Año V, Nº 44, pp. 32-45.
- 1985 "Los alfares de cerámica sigillata en la Península Ibérica (y II)", *Revista de Arqueología*, Año VI, Nº 45, pp. 33-45.

LÓPEZ PÉREZ, M<sup>a</sup>. C.

- 2001 *Terra Sigillata en la Provincia de A Coruña*, Tesis de Licenciatura en CD-ROM, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela. Inédita.

LUEZAS PASCUAL, R. A.; SÁENZ PRECIADO, M<sup>a</sup>. P.

- 1989 *La cerámica romana de Varea*, Ayuntamiento de Logroño, Instituto de Estudios Riojanos, 4, Logroño.

MAYET, F.

- 1984 *Les céramiques sigillées hispaniques: Contribution à l'histoire économique de la Péninsule Ibérique sous l'Empire Romain*, Publications du centre Pierre, Paris.

MEZQUÍRIZ DE CATALÁN, M. A.

- 1961 *Terra Sigillata Hispánica*, The William L. Bryant Foundation, Valencia.

NAVEIRO LÓPEZ, J. L.

- 1985 "El comercio del N.O. en época Romana", *Galicia, Historia*, I, Hércules de Ediciones, A Coruña, pp. 451-459.
- 1986 *Los materiales arqueológicos de la Plaza de María Pita (A Coruña)*, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Benestar Social, Dirección Xeral de Cultura e Patrimonio Histórico-Artístico, Servicio de Arqueoloxía, Santiago de Compostela. Inédito.
- 1991 *El comercio antiguo en el N.W. peninsular: lectura histórica del registro arqueológico*, Monografías Urxentes de Museu, 5. A Coruña.
- 1996 "Registro cerámico e intercambios en el Noroeste en la época romana", *Los Finisterres Atlánticos en la Antigüedad, Época Preromana y Romana*, Gijón, pp. 201-204.

NAVEIRO LÓPEZ, J.L.; CAAMAÑO GESTO, J.M.

- 1992 "El depósito subacuático del Río Ulla, El material romano", *Finisterrae: estudios en lembranza do Prof. Dr. Alberto Balil*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago, pp. 257-295.

PARGA CASTRO, A.

- 2001 *Excavación en área en el solar Nº4 de la Avenida Montero Ríos (Bueu, Pontevedra)*, Informe valorativo, Santiago de Compostela. Inédito.

ROCA ROUMENS, M.

- 1998 "Historia de la investigación de la *terra sigillata* hispánica", *Terra sigillata hispánica: estado actual de la investigación*, Universidad de Jaén, Jaén, pp 13-30.

ROCA ROUMENS, M.; FERNÁNDEZ GARCÍA, M<sup>a</sup>. I. (Coords.).

- 1999 *Terra Sigillata Hispánica. Centros de fabricación y producciones altoimperiales*, Universidad de Jaén, Universidad de Málaga, Málaga.

ROMERO CARNICERO, M.V.

- 1985 *Numancia I : La terrra sigillata*, Excavaciones Arqueológicas en España, 146. Ministerio de Cultura, Dirección General de Bellas Artes y Archivos, Subdirección General de Arqueología y Etnografía, Madrid.

SÁENZ PRECIADO, C.; SÁENZ PRECIADO, M<sup>a</sup>. P.

- 1999 "Estado de la cuestión de los alfares riojanos: La *terra sigillata* hispánica altoimperial", *Terra Sigillata Hispánica, Centros de fabricación y producciones altoimperiales*, Universidad de Jaén, Universidad de Málaga, Málaga, pp.61-136.
- 1993 "Marcas y grafitos en sigillata aparecidos en Libia (Herramélluri-La Rioja)", *Estrato*, 5, Revista riojana de arqueología, Gobierno de La Rioja (Consejería de Cultura, Deportes y Juventud), Servicio de Patrimonio Histórico Artístico, Logroño, pp. 27-34.

SOLOVERA SAN JUAN, M<sup>a</sup>.E.

- 1987 *Estudios sobre la historia económica de La Rioja romana*, 7, Gobierno de La Rioja, Instituto de Estudios Riojanos, Logroño.

SOTOMAYOR MURO, M. (Coord.)

- 1983 "Monografía: Terra Sigillata Hispánica", *Boletín del Museo Arqueológico Nacional*, Tomo I, nº 2, Madrid, pp113-175.

VÁZQUEZ GÓMEZ, X. L.

- 1993/94 "Tres marcas de alfareiro en *Terra Sigillata* atopadas na Coruña", *Brigantium*, 8, A Coruña, pp. 293-299.